



JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 de 2)
 ALCALDE
 Fecha Firma: 08/02/2019
 HASH: 635acc328dccc46afb6b15c3ae19672



LUCIA ARTIME ALONSO (2 para 2)
 SECRETARIA
 Data de Sinatura: 08/02/2019
 HASH: d00acc2fac7f6accfb9ec43b77d9f9c86



ACTA

Expediente núm.: PLN/2018/16
Órgano colexiado: O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria
Data: 10 de xaneiro de 2019
Duración: Desde as 20:38 ata as 22:01 horas
Lugar: Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por: JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretario: LUCÍA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	Sí
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	Sí
[REDACTED]	ANA MARÍA ASOREY BREA	Sí
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	Sí
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	Sí
[REDACTED]	EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ	Sí
[REDACTED]	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS	Sí
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	Sí
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	Sí
[REDACTED]	LUCÍA SEOANE ROSENDE	Sí
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	Sí
[REDACTED]	MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA	Sí
[REDACTED]	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAS	Sí
[REDACTED]	MARÍA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	Sí

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
 Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cod. Validación: ATDVAZ2ZGKkM4FdlUwP4SK3DM | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
 Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Págin 1 de 16



[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
[REDACTED]	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
[REDACTED]	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
[REDACTED]	XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 13 DE DECEMBRO DE 2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 13 de decembro 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O **Sr. Presidente** manifesta a existencia dun asunto para incluír fóra da Orde do Día desta sesión relativo á adhesión ao Convénio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencia e prevención e defensa de incendios forestais para o desenvolvemento do GES, o cal foi ditaminado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na súa sesión celebrada o pasado día sete deste mes. Para xustificar a urxencia deste asunto outorga a palabra ao Concelleiro de Facenda D. Alberto Blanco Carracedo.

O **Sr. Blanco Carracedo** di que, debido á tardanza na que chegou a proposta de adhesión ao nomeado Convenio, era necesario facer canto antes o trámite de aceptación para non interromper o servizo do GES; de feito dito trámite fíxose por Decreto da Alcaldía, someteuse con posterioridade á Comisión Informativa e agora tráese por urxencia a esta sesión para a súa ratificación.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que acepta que,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDM2AZ2CKMDFDLWP4S43DM | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 18



por motivo de prazos, era unha tramitación apurada, pero está en desacordo co procedemento utilizado, porque podíase haber convocado unha sesión extraordinaria e urxente para tratar e aprobar a nomeada adhesión sen necesidade de facelo por Decreto da Alcaldía, sobre todo cando non é o órgano competente nesta materia, ademais de levar informe desfavorable da Intervención municipal, o que orixina a necesidade de ratificar o acordo nesta sesión, cualificando o procedemento levado a cabo de torticeiro. Polo dito, traslada que o seu grupo político se absterá na votación da urxencia deste asunto.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, manifestando que este asunto se trae tarde e mal a esta sesión e, ademais, co informe desfavorable da Sra. Interventora, polo que vai a absterse na votación da urxencia.

O **Sr. Alcalde**, ás anteriores intervencións, responde que o Convenio de colaboración chegou ás dependencias municipais o día 28/12/2018 pola mañá, e convocar unha sesión extraordinaria e urxencia era imposible, xa que o a adhesión ao Convenio tiña que estar asinado na Consellería de Vicepresidencia ao día seguinte para así poder validalo e darlle vixencia aos contratos do persoal do GES o mesmo día 29 (último día hábil do ano), aclarando, polo tanto, que non se tratou dun capricho do grupo de goberno, senón que o interese de manter este servizo está por enriba de calquera outra cuestión e, ante a dúbida de que o noso concello puidera quedarse sen este servizo, fíxose o procedemento de xeito rápido e urxente mediante Decreto da Alcaldía, deixando para ratificar o acordo a esta sesión plenaria, na que se pretende dar validez a ese acordo de sinatura do Convenio. Aclara que foron moitos os concellos que se viron na necesidade de facelo deste xeito.

Polo manifestado, di que o importante agora é darlle forma ao devandito Convenio para continuar co servizo do GES.

O voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, di que absterase na votación por carecer de datos que lle aclaren se o que di o grupo de goberno é certo ou non ademais de non haber podido asistir á Comisión Informativa, polo que tamén non está moi informado deste asunto que se trata.

Finalmente sométese a urxencia a votación, aprobándose esta polos votos a favor do Partido Popular e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, procedendo a tratar o seguinte asunto proposto:

Expediente 6820/2018.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO GES

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Concelleiro delegado **D. Alberto M. Blanco Carracedo** di que na xustificación da urxencia xa se explicou o fondo do asunto que se trata neste punto, aclarando que xa é a terceira vez que se subscribe este convenio e que ten por finalidade a posta en funcionamento do servizo do GES no noso concello e que inclúe os servizos de emerxencias e prevención e extinción de incendios, ao abeiro do Convenio de colaboración asinado pola Xunta, FEGAMP e Deputacións Provinciais e ao que os concellos interesados teñen a obriga de adherirse.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDWZAZ2GKWKD4FDLWLP4SK3DM | Verificación: <http://aestradia.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 18



Intervén a **Sra. Belén Louzao** para aclarar que en ningún momento o grupo socialista puxo en dúbida a necesidade da adhesión a este Convenio nin da responsabilidade das entidades que asinan o mesmo, senón que non está conforme coas formas do grupo de goberno para a tramitación deste procedemento, xa que si o Decreto da Alcaldía polo que se acorda a adhesión é do día 28 pasado, entón perfectamente puido incluírse dentro da orde do día desta sesión. Por outra parte di que a Intervención municipal avisou que este tipo de acordo tiña que se adoptado polo Pleno e, a pesares disto, o grupo de goberno fixo caso omiso. Polo dito, traslada que o seu grupo votará a favor da adhesión ao Convenio polo beneficio da nosa cidadanía, pero condena as formas de traballo do grupo de goberno.

A voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, di que está a favor da adhesión do concello ao Convenio por tratarse duns servizos fundamentais e necesarios, resaltando a posta en valor do traballo realizado polo persoal do GES, os cales moitas veces vense obrigados a someterse a situacións moi duras nunhas condicións precarias, polo que demanda a contratación de dous efectivos máis para poder completar as quendas do persoal, así como máis recursos e máis medios para que os traballadores deste servizo poidan desempeñar as súas funcións con todas as garantías, considerando que a este persoal se lle debe dotar dunha maior estabilidade laboral en aras dun servizo máis eficiente e poida continuar sendo público.

O **Sr. Alcalde** lle responde á Sra. Louzao que non se pode facer maxia, xa que se o Convenio asinado se presenta neste Concello o día 28 para que o día 29 sexa enviado o acordo de adhesión, non había outra solución máis que facelo por Decreto da Alcaldía; así que o mércores seguinte e tralos festivo, a Sra. Secretaria o somete á Comisión Informativa, a cal se convocou para o luns seguinte (para cumprir os prazos da convocatoria), sabendo que ese mesmo luns se convocou o Pleno, polo que é entendible que foi imposible incluír o asunto dentro da orde do día; polo tanto é comprensible a decisión e as formas en que se fixo o procedemento.

Tamén responde á Sra. Mar Blanco, dicindo que lle parece que a ela lle gusta dar leccións, criticando ao grupo de goberno sen informarse antes. Tamén considera que non é necesario criticar ao grupo de goberno sobre a xestión dos servizos do GES, cando este Concello é un modelo dentro de Galicia, lembrando as instalacións construídas e que son de primeiro nivel, a tenencia dunha dotación de 19 efectivos e que non ten ningún grupo de emerxencias en Galicia, a disposición dun parque de vehículos suficientemente dotado e con novas incorporacións neste ano, etc.; é sabedor que sempre hai cousas que facer para mellorar estes servizos, pero non pode admitir que a Sra. Blanco veña a decirlle o que ten que facer, cando está seguro que ela non sabe nada sobre estes, nin sequera como son as instalacións dos mesmos e, sobre todo, cando o actual grupo de goberno preocúpase de xestionar este servizo e de poñelo en marcha, algo polo que se sente orgulloso, aínda que é consciente de que sería necesario contar con dous efectivos máis para o GES, incluso seis, pero tamén é sabedor que somos o único concello de Galicia que ten un corpo de Protección Civil e Emerxencias que xestiona un Convenio co 061 e que implica o dispoñer de dúas ambulancias, algo que hai que poñer en valor, ao igual que o traballo extraordinario dos traballadores adscritos a este servizo.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cod. Verificación: ATDWM2AZZGKkM04FDLWPl4SK3DM1 | Verificación: <http://aesstrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esPublico.Gestiona | Página 4 de 18



Polo dito, e por outras cuestión en materia de xestión de persoal, o Sr. Alcalde di que non vai a permitir que se lle cuestione a súa xestión, cando o actual grupo de goberno preocupouse pola creación dun ciclo de emerxencias na Estrada, o traslado do 112 ao noso concello e a boa xestión dos servizos de emerxencias, Protección Civil e GES, xa que para o seu grupo de goberno os servizos de emerxencias son totalmente prioritarios, de feito se A Estrada ten un GES é polo traballo e iniciativa do actual goberno.

A **Sra. Mar Blanco** pregunta se xa está feito no edificio de protección civil e emerxencias as instalacións para a garda dos vehículos e do material, xa que cre haber entendido que estaban á intemperie.

Tamén formula outra pregunta sobre se o persoal de incendios contan con equipos novos.

As anteriores preguntas proveñen do coñecemento de que o persoal destes servizos presentaron informes no Concello sobre as súas necesidades (dos cales ten copias), tendo, ademais, información sobre que non as peticións non foron respondidas, aínda que hai facturas de material para o servizo de incendios.

Finalmente aclara que o seu grupo político nunca se manifestou con respecto ao traslado do 112, polo que lle gustaría que lle explicara o Sr. Alcalde de onde saca que se opuxeron a elo.

Lle dí o **Sr. Alcalde** que “toca de oído” e que considera que a actitude que ten a Sra. Mar Blanco é polo nerviosismo provocado pola proximidade das eleccións municipais.

Pide a **Sra. Mar Blanco** que conste en acta as descualificacións que lle fai o Sr. Alcalde, xa que tan só ten que responder ás preguntas formuladas.

O **Sr. Alcalde** di que parece ser que a única que pode insultar a ela, algo que fai nas redes sociais e na prensa, tan só lle pide que estea tranquila e non se poña nerviosa, xa que o só que lle está a dicir é que toca de oído, porque os camións de protección civil levan á intemperie dende que se creou este servizo, o cal leva pedindo unha base para eles e se lle construíu mediante unha inversión de máis de 300.000 euros por este grupo de goberno, e esa é realidade, xa que este servizo como o de emerxencias estaban, ata que chegou o actual grupo de goberno, compartindo edificio co Conservatorio de música e coa radio municipal; tamén invertiu máis de trescentos mil euros, xunto coa Xunta de Galicia, nun novo camiión, ao que hai que sumar a merca dunha ambulancia, unha bomba urbana lixeira, a construción dunhas novas instalacións de emerxencias e protección civil, etc; polo anterior, non entende porque a Sra. Mar Blanco lle fale a este grupo de goberno sobre estes servizos, cando son a súa prioridade, de feito o GES existe gracias ao actual goberno, sen esquecer que o número de traballadores de protección civil pasou de 9 a 19.

Para rematar pide á Sra. Mar Blanco que os seus consellos os deixe para a prensa, porque aquí, ante calquera manifestación, se lle pode quitar os colores, xa que ante calquera debate o actual grupo de goberno responde con feitos e obras, outra cousa é que se poida valorar se se poden facer máis melloras.

A **Sra. Mar Blanco** reitera que os vehículos seguen á intemperie e que o persoal de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Verificación: ATDW2AZZQKKMD4FDLWP4SK3DM | Verificación: <http://aestrada.sadelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 5 de 18



intervención contan cuns equipos caducados.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 03/01/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o Convenio de Colaboración asinado o 26/12/2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Visto o informe emitido pola Sra. Secretaria accidental con data 28/12/2018.

Visto o informe da Intervención municipal, asinado o 28/12/2018.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2018-1545, de 28 de decembro.

Visto o Informe da Sra. Secretaria municipal de data 03/01/2019.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na súa sesión celebrada o 07/01/2019.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Ratificar a adhesión adoptada polo Decreto da Alcaldía nº 2018-1545, de 28 de decembro, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de Emerxencias e Prevención e Defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización de cantos actos sexan precisos para plasmación efectiva do presente acordo, para a sinatura das addendas e cantas modificacións do Convenio puideran xurdir durante a súa vixencia.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27/12/2018, RELATIVO Á CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO PLENARIO ADOPTADO EN SESIÓN DO 13/12/2018, RELATIVO Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN CUALITATIVA DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN E AMPLIACIÓN DA ALAMEDA E XESTIÓN INTELIXENTE DE INFRAESTRUTURAS"

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 27/12/2018, relativo á corrección de erro material no acordo acadado polo Pleno na súa sesión do 13/12/2018, o cal se transcribe a continuación:

"Visto que, con data 3 de maio de 2018, D. Alberto Manuel Branco Carracedo,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATD1W2AZ2QK4MD4FDLW4F4S3K3DM | Verificación: <http://aeestecia.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublica Gestiona | Página 6 de 16



Concelleiro de Urbanismo do Concello da Estrada, remitiu á Unidade de Xestión da EDUSI AESS 2020 dúas expresións de interese: "Humanización e mellora da contorna urbana da Alameda", enmarcada na liña de actuación da EDUSI AESS 2020 denominada "Humanización e mellora da contorna urbana" codificada como AESS.OT06. OE652.A05, cun orzamento estimado de 1.181.163,55 € dos cales 1.000.000 € serían subvencionables. "Sistemas intelixentes de xestión das infraestruturas da Alameda", enmarcada na liña de actuación da EDUSI AESS 2020 denominada "Smart Village A Estrada" codificada como AESS.OT02. OE233.A01, cun orzamento estimado de 328.836,46 € dos cales 220.000 € serían subvencionables.

Visto que, con data 19 de xuño de 2018, remítese por parte do propio D. Alberto Manuel Branco Carracedo información adicional sobre ambas as expresións de interese requirida pola Unidade de Xestión. De forma conxunta, ambas as dúas propostas de operación perseguen ampliar a Alameda actual, incorporando terreos anexos en desuso recentemente adquiridos polo Concello para integralos nunha nova proposta que supoña a recuperación e mellora para a cidadanía dun espazo de referencia para todos os estradenses, e conseguir que as instalacións e infraestruturas da alameda sexan intelixentes, eficientes e sustentables (abastecemento e rega, electricidade e iluminación).

Visto que, no marco do procedemento de selección de operacións da EDUSI AESS 2020, as expresións de interese mencionadas no punto PRIMEIRO foron analizadas segundo indícase no Manual de Procedementos da EDUSI AESS 2020. Como culminación do devandito proceso de avaliación e análise, con data 30 de xullo de 2018 apróbanse as resolucións números 2018-0910 e 2018-0911, modificadas por Decreto da Alcaldía do 21 de setembro de 2018, polas cales se aproba a selección das operacións vinculadas ás expresións de interese "Humanización e Mellora da contorna urbana na Alameda" e "Sistema intelixente de xestión das Infraestruturas da Alameda" cos importes nelas antes mencionados.

Visto que, con data 19 de xullo de 2018, publícanse na Plataforma de Contratación do Sector Público os pregos correspondentes á execución de obra "Reurbanización e ampliación da Alameda e xestión intelixente de infraestruturas", mediante a cal o Concello da Estrada saca a licitación a execución das operacións de "Humanización e Mellora da contorna urbana na Alameda" e "Sistema intelixente de xestión das Infraestruturas da Alameda". Nos devanditos pregos, en concreto no apartado D do Cadro de Características do Contrato, fíxase un orzamento basee con IVE de 1.510.000,01 €, coincidente coa suma dos orzamentos totais plasmados nas expresións de interese. Adicionalmente, devandito orzamento distribuíase do seguinte modo de forma coherente co plasmado na expresión de interese diferenciando fondos da EDUSI de achegas adicionais de fondos propios:

F. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Fondos propios no EDUSI Concello de A Estrada 290.000,01 €

Fondos EDUSI

Liña de Actuación 01: 220.000,00 €

20% Fondos propios: 44.000,00 €

80% Fondo FEDER: 176.000,00 €

Liña de Actuación 05: 1.000.000,00 €

20% Fondos propios: 200.000,00 €

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Verificación: ATD1M2AZZQKMM04FDLW4SK3DM | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 7 de 18



80% Fondo FEDER: 800.000,00 €

G. APLICACIONES ORZAMENTARIAS

Fondos FEDER

Aplicación: 201801506230001: Liña de Actuación 01: 176.000,00 €

Aplicación: 201801506100001: Liña de Actuación 05: 800.000,00 €

FONDOS PROPIOS (NO EDUSI + EDUSI)

Aplicación: 20180150637170001

EDUSI: 244.000,00 €

NO EDUSI: 290.000,01 €

TOTAL: 534.000,01 €

ANUALIDADES

EXERCICIO 2018: 895.266,61 €

EXERCICIO 2019: 614.733,40 €

TOTAL: 1.510.000,01 €

Visto que, adicionalmente, tal e como se plasma na cláusula 33 dos Pregos Administrativos, "A empresa adxudicataria deberá presentar as facturas desagregando os importes facturados por liña de actuación / operación:

Liña de Actuación 01. Smart Village A Estrada. Código Operación: AESS.0 T02. OE233.A01. SIGIA. Nomee operación: Sistemas intelixentes de xestión das infraestruturas da alameda (SIGIA).

Liña de Actuación 05.- Humanización e mellora dá Contorna Urbana. Código Operación: AESS.0 T06. OE652.A05. HUMANIZACIÓN ALAMEDA. Nome operación: Humanización e mellora do contorna urbana na alameda."

Co que se plasma claramente a diferenciación orzamentaria de ambas as operacións no pagamento do contrato.

Visto que, con data 17 de outubro de 2018, a empresa adxudicataria da anterior licitación asina co Concello da Estrada o contrato da obra de "Reurbanización e ampliación da Alameda e xestión intelixente de infraestruturas".

Visto que no devandito contrato, en concreto na súa cláusula SEGUNDA, plásmase o importe da adxudicación con IVE, cifrado en 1.142.013,00 € con IVE para o total da licitación (ambas as operacións mencionadas no presente documento) unha vez aplicada a baixa coa que a empresa adxudicataria concorreu ao proceso de licitación.

Visto que, adicionalmente, na cláusula QUINTA dese mesmo contrato establécese, non só a obriga anteriormente mencionada na cláusula 33 dos Pregos Administrativos respecto da xustificación e pagamento diferenciando os importes correspondentes a cada unha das operacións ("Humanización e Mellora da contorna urbana na Alameda" e "Sistema intelixente de xestión das Infraestruturas da Alameda"), senón que tamén se establece que a empresa adxudicataria comprométese a presentar un resumo do orzamento por capítulos da obra desagregando Liñas de Actuación (cada operación correspóndese cunha)/cunha) e contías.

Visto que, con data do 03/12/2018, o Arquitecto Técnico Municipal, como técnico director da obra, emite informe sobre o desglose do orzamento da obras

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATD0WAZZ0K0MD4FDLW0P4SK3DM | Verificación: <http://aestrada.es/electronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 6 de 18



indicadas, segundo liñas de actuación que se indican:

* Orzamento imputable á liña de actuación 01. Smart Village A Estrada. Código Operación: AESS.0T02.OE233.LA01. SIGIA. Nome operación: Sistemas intelixentes de xestión de las infraestruturas da alameda (SIGIA):

Orzamento execución material liña 01 184.398,22 €
Gastos Xerais 13% 0.13 23.971,77 €
Beneficio Industrial 6% 0.06 11.063,89 €
Orzamento de contrata liña 01 219.433,88 €
I.V.E 21% 0.21 46.081,11 €
TOTAL ORZ. CONTRATA CON IVE LIÑA 01 265.514,99 €

* Orzamento imputable á liña de actuación 05. Humanización e mellora da Contorna Urbana. Código Operación: AESS.0T06.OE652.LA05. HUMANIZACIÓN ALAMEDA. Nome operación: Humanización e mellora do entorno urbano na alameda.”

Orzamento execución material liña 05 864.285,72 €
Gastos Xerais 13% 0.13 112.357,14 €
Beneficio Industrial 6% 0.06 51.857,14 €
Orzamento de contrata liña 05 1.028.500,00 €
I.V.E 21% 0.21 215.985,00 €
TOTAL ORZ. CONTRATA CON IVE LIÑA 05 1.244.485,00 €

Visto que, con data 10 de decembro de 2018, a Interventora Municipal emite un informe plasmando o orzamento de licitación da obra de “Reurbanización e ampliación da Alameda e xestión intelixente de infraestruturas” segundo os capítulos plasmados no proxecto e diferenciando as liñas de actuación (e con iso as operacións) establecendo a necesidade de dar audiencia á empresa adxudicataria para que preste a súa conformidade a esta proposta e remita ao Concello da Estrada en cumprimento do establecido no último parágrafo da cláusula QUINTA do nomeado contrato de adxudicación, pola que se compromete a presentar un resumo do orzamento por capítulos da obra adxudicada, desagregando liñas de actuación (cada operación correspóndese cunha)/cunha) e contías.

Visto que, adicionalmente, nese mesmo informe do Departamento de Intervención da Estrada determínase que o orzamento de adxudicación impútase na súa totalidade ás partidas orzamentarias indicadas na licitación correspondentes aos fondos da EDUSI.

Visto que, coa mesma data 10 de decembro, a Secretaría municipal emite o preceptivo informe procedemental respecto a a tramitación desta modificación cualitativa do proxecto.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 13/12/2018.

Visto o acordo plenario adoptado na sesión do 13/12/2018.

Advertido erro material no Informe de Intervención de data 10 de decembro, e visto que se trata, segundo informe de Intervención de data 19 de decembro, efectivamente, dun erro non substancial, e non se pretende alterar o sentido dos acordos adoptados, tanto no ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais do 13 de decembro de 2018 como no acordo Plenario da

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDM2AZZCKKMEDELLWP4SKZEDM | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Castellón | Página 9 de 18



mesma data, e logo de ver a fundamentación exposta nas consideracións xurídicas dese informe, deberase corrixir o erro detectad.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP).

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 e Decreto Nº 682/2015 de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado, ao abeiro do artigo art. 109.2 da Lei 39/2015 de 1 outubro de 2015, no acordo plenario de data 13 de decembro de 2018, do xeito seguinte:

ONDE DI:

LIÑA DE ACTUACIÓN 01. SMART VILLAGE A ESTRADA. CÓDIGO DE OPERACIÓN: AESS.0T02.OE233.LA01

ADXUDICACIÓN: 941.204,00 €
FINANCIAMENTO FEDER:
Financiamento (80%): 752.963,20 €
Aplicación orzamentaria: 150.610.00

APORTACIÓN MUNICIPAL:
Aportación (20%): 188.240,80 €
Aplicación orzamentaria: 150.637.17.00

LIÑA DE ACTUACIÓN 05. HUMANIZACIÓN E MELLORA DA CONTORNA URBANA. CÓDIGO DE OPERACIÓN: AESS.0T06.OE652.LA05

ADXUDICACIÓN: 200.809,00 €
FINANCIAMENTO FEDER:
Financiamento (80%): 160.647,20 €
Aplicación orzamentaria: 150.623.00

APORTACIÓN MUNICIPAL:
Aportación (20%): 40.161,80 €
Aplicación orzamentaria: 150.637.17.00

TOTAIS
Total importe adxudicacións: 1.142.013,00 €
Total Financiamento FEDER: 913.610,40 €
Total aportación municipal: 228.402,60 €

DEBE DICIR:

LIÑA DE ACTUACIÓN 05. HUMANIZACIÓN E MELLORA DA CONTORNA URBANA.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: AT0W2AZ20KKMD4FDLWP4S3DM | Verificación: <http://estrada.sectorelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 10 de 18



CÓDIGO DE OPERACIÓN: AESS.0T06.OE652.LA05

ADXUDICACIÓN: 941.204,00 €
FINANCIAMENTO FEDER:
Financiamento (80%): 752.963,20 €
Aplicación orzamentaria: 150.610.00

APORTACIÓN MUNICIPAL:
Aportación (20%): 188.240,80 €
Aplicación orzamentaria: 150.637.17.00

LIÑA DE ACTUACIÓN 01. SMART VILLAGE A ESTRADA. CÓDIGO DE OPERACIÓN: AESS.0T02.OE233.LA01

ADXUDICACIÓN: 200.809,00 €
FINANCIAMENTO FEDER:
Financiamento (80%): 160.647,20 €
Aplicación orzamentaria: 150.623.00

APORTACIÓN MUNICIPAL:
Aportación (20%): 40.161,80 €
Aplicación orzamentaria: 150.637.17.00

TOTAIS
Total importe adxudicacións: 1.142.013,00 €
Total Financiamento FEDER: 913.610,40 €
Total aportación municipal: 228.402,60 €

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao adxudicatario do contrato para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ao Pleno na vindeira sesión que se celebre."

O Concello en Pleno queda sabedor.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE DECEMBRO DE 2018

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de decembro de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-1392 ao número 2018-1557 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDM2AZ2QKKMID4FDLWP4SK3DM | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 11 de 18



C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e preguntas a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, preguntando se se fixo algún trámite para recuperar o Grupo de Cans de Rescate, o cal desapareceu durante o goberno do actual equipo e que foi unha honra para este concello.

Responde o **Sr. Alcalde** que tal grupo dependía do de voluntarios de protección civil e non do Concello, tan só se lle daba unha subvención nominativa, ademais, formaban parte deste grupo, traballadores da Policía Local e de Protección Civil, o que xeraba varios problemas á hora de librar dos seus servizos para poder acudir a determinados eventos de cans de rescate ou competicións a nivel nacional e internacional, sendo este o motivo fundamental polo que se disolveu este grupo. O Concello non ten capacidade para poñer en marcha ou manter un servizo desas características e, de feito, se puxo a favor dos voluntarios de protección de civil á disposición do grupo de goberno para sacar adiante tal proxecto, seguindo abertos na actualidade.

A **Sra. Belén Louzao** lembra que cando se desmantelou o grupo de cans de rescate o actual goberno prometeu sacalo adiante, pero observa que é tan só unha promesa incumprida como outras moitas, tal é o caso da realización dun plan de vertedoiros incontrolados, ao abeiro dunha moción aprobada nunha sesión plenaria, sen embargo, a día de hoxe, seguen existindo, polo que pregunta se se ten pensando levar a cabo dito plan ou, polo contrario, se vai a mirar para outro lado.

Tamén manifesta a importancia de fixar poboación no rural do noso municipio, o cal está a perder xente, polo que aconsella a creación dun plan demográfico e a mellora das condicións no rural co fin de que a xente non marche del.

Derivado do anterior, pide que se cree un plan de mellora das pistas municipais que dan acceso ás propiedades no rural estradense, as cales non foron obxecto de ningunha mellora nos últimos sete anos, de feito, fai uns días, se lle deu traslado ao Concelleiro do Rural, D. Juan M. Constenla Carbón, da necesidade de arranxar unha pista moi transitada por unir varias parroquias.

Continúa criticando que o actual grupo de goberno non fai nada por coidar o patrimonio turístico do noso municipio, exemplo de elo, é que fai anos falouse nun pleno da necesidade de arranxar un buraco no aparcamento do Pazo de Oca, estando aínda sen solucionar este problema

Con respecto a unha estrada preto ao Centro de Saúde de Oca, comunica que fai uns días esbarrancouse terra sobre ela, ocupando parte da mesma e, por ende, dificultando a circulación de vehículos, polo que pide que se arranxe o problema.

Traslada as críticas de varios/as veciños/as estradenses sobre o perigo que supón a existencia de varias lousas e arquetas levantadas nalgunhas rúas do casco urbano, ao que hai que engadir as queixas pola limpeza e o estado da nosa vila; polo que pide que solucionen estas deficiencias, sobre todo cando son sobradamente coñecedores destes problemas, e dunha maneira inmediata e non esperar ás vésperas das eleccións municipais.

Á anterior intervención, o **Sr. Alcalde** responde, en primeiro lugar e en relación cos vertedoiros incontrolados, que non é certo que non se estean retirando, xa que, previo aviso da existencia dalgún, procédese á planificación e retirada do mesmo, é certo que algúns son máis difíciles de eliminar que outros, pero lle consta que pola brigada municipal se está a facer estes traballos, co correspondente seguimento dende a Alcaldía.

No que respecta ao apoio ao noso rural, aclara que durante o seu primeiro mandato e co apoio do Partido Popular, foron acondicionados máis de 150 quilómetros de camiños, cunetas e accesos a fincas e montes de titularidade municipal, coa colaboración do parque de maquinaria

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: A1DW2AZ2C0KXKMD4FDLW4P4SK3DJM | Verificación: <http://aeistrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma: eS-Pública Gestión | Página 12 de 18



de Deputación Provincial; sen embargo, dende que está o Partido Socialista na Deputación, non foi cedida ningunha maquinaria nin axuda para levar a cabo estes traballos e, como consecuencia, o Concello veu moi reducida a súa capacidade para emprender este tipo de actuacións no rural, aínda así, fixéronse moitas cousas co parque da Deputación, tales como o vial que une a Rúa da Cultural coa N-640, todo o entorno do Campo de Fútbol, o aparcadoiro da Casa das Letras, pistas en varias parroquias (esta semana se fixo unha pista de acceso a unha explotación en Paradela), tamén se están a facer moitos desbroces en diferentes puntos do rural estradense, Co dito quere desmentir as acusacións e afirmacións feitas con respecto a este tema pola Sra. Belén Louzao, ademais de cualificala de mentreira.

Continúa dicindo que se os problemas que existen actualmente no noso concello (segundo o dito polo Sra. Louzao) son unha arqueta rota ou unha lousa levantada, entón dáse por satisfeito que non o debe estar a facer mal na súa xestión o actual grupo de goberno.

A **Sra. Belén Louzao** lamenta que o Alcalde considere insignificantes as cousas do día a día, por pequenas que sexan, e non dignas de facelas, e se son grandes nin sequera as escoite, xa que os grupos da oposición trouxeron a este Pleno propostas e proxectos que non foron atendidas polo grupo de goberno, o que se traduce en que se vilipendia á oposición, exemplo disto é que non se lles permitiu participar no debate dos Orzamentos municipais nin no da Alameda, ademais de nos debates do EDUSI, sen esquecer o caso omiso ás propostas que os grupos da oposición presentan; ademais aos veciños as cousas pequenas si lles importan, porque, de certa maneira, afectan á súa vida cotiá, pero xa lle queda claro que ao Alcalde non.

Resposta o **Sr. Alcalde** que non da crédito que lle estea dando leccións sobre o día a día do noso concello cando a Sra. Louzao leva tres anos desaparecida, ademais el está todos os días do ano adicándose, entre outras cousas, a escoitar as demandas dos/as veciños/as, pero é sabedor que estamos en ano electoral e iso fai que tomen vida os membros da oposición con reclamacións como unha lousa levantada, cando este grupo de goberno leva arranxando miles de lousas, ademais de estar día a día ao carón dos veciños atendendo ás súas peticións, demandas e reclamacións.

Por outra banda, aclara á Sra. Louzao que non a insultou en ningún momento, tan só limitábase a dicir realidades.

A **Sra. Belén Louzao** lamenta a actitude do Sr. Alcalde, dicindo que non vai a entrar nas súas provocacións e si considera que tan ben o fixo, pois siga alardeando délo.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para preguntar se se vai a tirar da bolsa de emprego de Protección Civil para cubrir a vacante de encargado (anteriormente cuberta polo Sr. Failde).

Responde o **Sr. Alcalde** que a bolsa foi creada para cubrir as baixas de persoal, non habéndose tomado ningunha decisión sobre a praza de encargado.

A **Sra. Mar Blanco** considera importante que se cubra dita praza. Noutro orde de cousas, di que trae tres demandas de veciños do noso rural para arranxo de pistas, as cales son: o camiño entre Outeiro-Codeseda e Trabadela-Ribela, a que vai dende a Igrexa a Pearo en Santeles e o camiño que pasa polo lugar de Somoza-Olives e que vai ao límite co Concello de Silleda; en caso de que estean incluídas no plan de pavimentación previsto para este ano, lle gustaría sabelo para trasladarillo aos nomeados veciños.

O **Sr. Alcalde** lle informa que a pista de Santeles está incluída no Plan de Pavimentación; sobre a de Olives, é coñecedor desta petición e vai incorporada nun proxecto que se está a facer;

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDMZAZOJKKMD4FDUMPAK3DM | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 13 de 18



e, con respecto á de Outeiro a Trabadela, non ten constancia desta solicitude veciñal nin se está incluída en algún Plan, pero o mirará e terase en conta.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** insistindo na necesidade da limpeza dalgunhas beirarrúas do casco urbano, incluídas as malezas que as cubre, lembrando que, trala Cabalgata de Reis, tardouse días en limpar e, a día de hoxe, aínda quedan restos da mesma, sen esquecer que moitas beirarrúas do casco urbano están cheas de merda, o que é unha mágoa para a imaxe que estamos a dar.

O **Sr. Alcalde** recoñece que hai que mellorar a coordinación do servizo de limpeza posterior á Cabalgata, porque cos medios municipais tradicionais e sen ningún tipo de maquinaria auxiliar é moi difícil facer a limpeza tras este tipo de eventos, debendo valorar reforzar o servizo, pedindo aos Reis Magos que o ano que ven lle permitan estar para xestionar a Cabalgata e facer a limpeza adecuada da mesma.

A **Sra. Mar Blanco** lémbrale que os Reis Magos non existen, polo que é mellor que vaia xestionando a limpeza o propio grupo de goberno, preguntando por que rúa se empezou a facer a limpeza despois da Cabalgata, porque lle parece que os traballos non se fixeron moi ben.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que os servizos de limpeza comezaron ás seis de mañá do día seguinte pola rúa Calvo Sotelo con todos os traballadores dispoñibles, lembrándolle que moitos gozaban de vacacións ou días libres por causa das festividades do Nadal, sen esquecer que o persoal de reforzo, contratado polo Plan de Emprego da Deputación, finalizaron os contratos a 31 de decembro.

Dille a **Sra. Mar Blanco** que tivo bastante acerto en non levar a Feijoo ao Edificio de Usos Múltiples (Escola de Música) o outro día, porque se chega a ir e se lle ocorre ir ao baño teríamos un problema, xa que estes levan varias semanas sen limpar.

Lle contesta o **Sr. Alcalde** que mandará persoal alí para que se solucione o problema.

Finalmente, a **Sra. Mar Blanco** lembra as melloras que están pendentes de facer na Avda de Santiago (do firme, beirarrúas, contedores amarelos, farolas e limpeza), varias deficiencias que fan lamentable o aspecto desta avenida.

O **Sr. Alcalde** lle responde que o seu grupo de goberno foi o único que fixo actuacións nesa zona, tal como o parque infantil.

O cal está bastante abandonado, di a **Sra. Mar Blanco**.

Pregúntalle o **Sr. Alcalde** canto tempo fai que non vai por alí, porque os alumnos do Obradoiro de Emprego estiveron dende o nadal acondicionando o nomeado parque, así como a carballeira e o resto da zona verde da rúa da Cultura; e, no que se refire á Avda de Santiago, inverteuse máis de cento setenta mil euros na pavimentación desa rúa no ano 2014, admitindo que se trata dunha avenida con moita circulación de vehículos pesados que foron deteriorando o seu firme, debéndose buscar unha solución, sobre todo no que relativo ao seu último tramo; polo que considera que é mentira que se teña esquecida esa rúa.

No relativo ao tema dos contedores amarelos, neste momento estase intentando resolver o contrato coa empresa encargada da recollida de plástico, xa que este servizo non está a funcionar correctamente.

En canto á recollida de lixo mellorou bastante coa colocación dos novos colectores, pero

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDWM2AZZCKKMM04EJLWV4SK5BDM | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esPublico. Gestión | Página 14 de 18



débase solucionar o máis pronto posibles os servizos de recollida selectiva e o punto limpo.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para, en primeiro lugar, trasladar unha petición dos estudantes para que sexan colocadas unhas cortinas na Casa das Letras, porque cando da o sol molesta moito.

Pide que sexa publicada na páxina web municipal a ponencia de valores actualmente en vigor.

Pregunta se o Concello ten pensado facer algún plan de rehabilitación de vivendas na Zona dos Viños, xa que é unha mágoa que, despois do investimento feito nesta zona, as casas existentes estean en estado de ruína afeando este entorno, sobre todo tendo en conta que gran parte das axudas que concedida a Xunta de Galicia para rehabilitación de vivendas quedou sen conceder, polo que sería interesante que a Consellería utilizase eses recursos.

Tamén quere saber se a rede de subministro de gas se vai a estender a máis rúas, sobre todo para a zona da Avda de Pontevedra.

A esta última pregunta, lle responde o **Sr. Alcalde** que se trata dun tema moi complicado, xa que se levan tres anos intentado legalizar a rede, de feito, a finais da década dos noventa e principio do ano 2000, a empresa subministradora presentou un documento base para acadar unha única licenza por toda a rede de gas (a cal foise ampliando sen licenza e incluso co descoñecemento das obras por parte do Concello), decidíndose, fai aproximadamente tres anos, comezar co procedemento de legalización, constándolle que a día de hoxe xa se conta cos informes sectoriais, sen embargo o problema que se plantexa nesa legalización é que a empresa quere facer unha nova planta satélite na parroquia de Guimarei. Polo dito, estase a complicar o trámite e a empresa di que mentres non teña a legalización non vai a ampliar a rede de subministro, pero, a pesares diso, se está intentando negociar a ramificación da rede na Avda Fernando Conde así como a instalación da rede troncal dende Guimarei, porque non se lle vai a permitir que, despois das obras de humanización da nomeada Avenida, se volva a romper para pasar dito troncal da rede de gas.

O **Sr. Xosé Magariños** pregunta se os Orzamentos municipais aínda están en trámite.

Responde o **Sr. Alcalde** que a nova Interventora ven con gañas de traballar e neste momento están coa incorporación dos Remanentes dos recursos que se poden incorporar ao Orzamento do 2019 e, a continuación, se procederá a redactar o mesmo, informando que as propostas das distintas concellerías están pasadas a Intervención dende o mes de setembro pasado, esperando que entre finais de febreiro e principios de marzo estea xa elaborado o Orzamento.

Por último o **Sr. Magariños** da lectura ao seguinte texto: *“Non se pode chegar a término deste artigo sen apoiar a loita destes intelectuais cargados de sensibilidade, bos coñecedores da nosa historia e fartos de ver asoballar a un fillo emprendedor e carismático do noso concello sen pregar aos responsables políticos de todos os partidos e cores a que fagan un esforzo xeneroso para a rúa que leva hoxe en día o nome de Calvo Sotelo retorno ao seu antigo nome de Manuel Porto Verdura, que por motivos máis que sobra recoñecidos merece dela.”*. Así que, tomando as verbas do Sr. Luis Ferro, pide que se teña en consideración.

O **Sr. Alcalde** di que o tema do rueiro está pendente, téndose que retomar previa valoración do impacto que pode ter o cambio de denominación das rúas en materia de estatística.

Continúa preguntando ao público asistente se hai algunha intervención, en cumprimento do Regulamento de Participación Cidadán.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDWM2AZQKQKMD4FDLWP45K3DM | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 15 de 18



Pide a palabra o **Sr. Enrique Reboredo Durán** (██████████) para falar en calidade de traballador do Servizo de Emerxencias e representante sindical, pedindo que se solucione o tema da cuberta no edificio de Emerxencias e Protección Civil, ante o deterioro que están a sufrir os vehículos dos servizos, ademais do material e equipos de rescate que están encharcándose e nun estado lamentable, lembrado o valor de miles de euros do mesmo. Pide que esta petición sexa atendida o máis antes posibles, xa que é evidente o deterioro que está a provocar a falta da cuberta, considerando que ao Concello tamén lle convén porque así aforrará moito en tema de reparacións.

Tamén pide a rampla de carga das botellas do equipo de respiración autónoma, as cales estanse a cargar de maneira ilegal e co risco que supón en caso de rotura, xa que estas botellas levan 2.100 litros, con aire comprimido a 300 bares e, si se expoñen ao calor o seu volume aumenta, de feito no verán chegaron aos 350 bares polo calor que alcanza a cabina do camión exposta ao sol. En definitiva, aos traballadores lles gustaría traballar con certa seguridade e cumprindo coa legalidade.

Aclara o Sr. Reboredo que ninguén se queixa da base que se ten, pero é certo que quedaron moitas cousas pendentes, como as sinaladas anteriormente e tamén que nas habitacións nas que se durme chove dentro.

Con respecto ás horas extras, as cales aumentaron moito, é debido a necesidade de contar cun reforzo que faga posible que sempre estiveran catro persoas de servizo, xa que o volume de traballo aumento por culpa das vespas velutinas e tamén por avisos para a ambulancia. Ao anterior pide apoio para que a Xunta reforce o servizo ao abeiro da súa necesidade e non volva a pasar o de Ribadavia, ademais as horas extras ían a reducirse considerablemente.

Por último e a nivel de cidadá, o Sr. Reboredo pide que sexa colocado un contedor de papel na praza da Avenida de Vigo así como que se proceda á limpeza da Avda de Pontevedra, onde hai un letreiro de publicidade e a cuxo pé está cheo de carteis antigos.

O **Sr. Alcalde** agradece a intervención do Sr. Reboredo, contestándolle que o Concelleiro Juan Constenla está ao corrente das súas peticións, recalcando que o equipo de goberno considera prioritario o servizo de emerxencias, de feito fixo un importante investimento con respecto a este, sen embargo é consciente de que aínda existen necesidades que resolver, pero tamén débese xestionar as cuestións diarias tendo en conta a prioridade de cada unha delas. Continúa dicindo que o servizo de falamos ten unhas instalación máis que dignas, sendo un exemplo e obxecto de envexa a nivel galego, tamén que a calidade do servizo e proporcional co esforzo que fai o goberno, é dicir, que ten moito mérito o traballo a realizar polo persoal, pero tamén este mérito é grazas ao esforzo e a aposta do grupo de goberno, o cal atende todas aquelas proposta que son razoables.

Di que os vehículos estiveron durante vinte anos á intemperie e nunca se fixo reclamación algunha como a que se está a facer agora, aínda que é consciente que as demandas vanse facendo segundo pasa o tempo, sen embargo estamos ante un problema non son de investimento, senón con “carreteras”, xa que estas teñen unha zona de afección que chegan xusto ao fronte do edificio comarcal, polo que calquera actuación que se faga nesa zona está afectada por “carreteras” da Xunta de Galicia, limitando bastante a construción de calquera elemento que sobresaia desa liña de edificación; aclara, así mesmo, que é unha opción que non está descartada.

Por outra banda, di o Sr. Alcalde que considera que estanse a cubrir todas as necesidades do servizo con 19 persoas, asumindo este goberno a petición de que se especificase as funcións de cada servizo.

No que se refire ao tema das horas extras, é sabedor e consciente deste problema, porque se se quere seguir presentando o servizo de maneira eficaz, 19 efectivos non é suficiente, pero un aumento do persoal suporía un incremento das aportacións dos organismos, xa que o GES

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: A1DW2AZZ0KXKMD4FDLW4P4SK3D1W | Verificación: <http://aeistrada.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 16 de 18



financiase nun 52,50% pola Xunta de Galicia, o 40% pola Deputación Provincial e o 7,50% polo Concello (a través da FEGAMP). A proposta de aumento de efectivos lévase facendo fai tempo por este grupo de goberno, pero non sa da conseguido.....

Interrompe o **Sr. Enrique Reboredo**, non apreciando no audio o manifestado por non utilizar o micro.

O **Alcalde** di que se trata dun tema que é mellor falar persoalmente ao considerar que o tema de incendios é moi delicado e suxeito a Convenios con outros organismos.

Continúa falando o **Sr. Reboredo** coa súa intervención sen utilizar o micro, polo que non se pode transcribir a mesma.

O **Sr. Alcalde** di que o GES está vinculado ao medio rural e, a pesares que moitos critican o modelo do mesmo, hai que admitir que a este Concello funciónalle e é efectivo, pero se se quere manter este servizo hai que saber que o seu financiamento procede de varios organismos, polo que se faia algún deles o GES non sería viable e habería que deseñar outro modelo, pero reitera que el é partidario do actual ao abeiro do bo servizo que se está a prestar a case 60.000 persoas.

Continúa dicindo que o que hai que mellorar nos servizos de incendios e emerxencias é a coordinación, sobre todo no verán, cuestións que se intentarán mellorar, pero pódese estar orgullosos do servizo que temos así como das infraestruturas das que gozamos neste concello.

Pide a palabra **Dna. Patricia Suárez Torres** [REDACTED] para dicir, en calidade de veciña da parroquia de Oca, que o buraco existente ao carón do Pazo débese solucionar o antes posible, xa que agora estase cubrindo de herba dificultando a súa visibilidade, supoñendo un risco.

Tamén pregunta o que pasa coas farolas, xa que se leva dende o ano 2014 colocados diante da súa casa uns postes do alumado, pero sen conectar, di que é sabedora que existe un problema cos propietarios do Pazo, pero a día de hoxe non se soluciona o problema e o alumado sen funcionar.

Responde o **Sr. Alcalde** que na reposición desa zona (entorno Pazo de Oca) foi un problema que xurdiu con motivo dun autobús que coas rodas provocou que se fundira o firme, pero intentarse solucionar.

En relación ao alumado, o proxecto quedou atascado ata asinar un novo Convenio coa Deputación para resolver o problema do Pazo de Oca, do cal se desprende que quedou de man da Fundación de Medinacelli a colocación do alumado público, constándolle que aos veciños da zona non lles gustou a proposta realizada pola nomeada Fundación, atascándose o tema; di que o que sabía dese tema era o Sr. Pereiro. Continúa informando que hai unha proposta que estase a estudar pola Fundación, pero pasa o tempo e aínda non contestou, polo que haberá que instar á mesma para que responda e faga a instalación do alumado, esperando que teñan en conta a opinión dos veciños, xa que non se trata tan só da iluminación do Pazo, senón tamén da zona veciñal. Finalmente, espera que pronto a Casa Medinacelli aprobe a nova proposta e lle sexa trasladada aos veciños para estudala e así acometer a obra que, reitera, é obriga da Fundación.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e un minuto do día do seu comezo.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cod. Validación: ATDWZAZQKKMD4FLW4SK3DM | Verificación: <http://easstrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 17 de 18



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0001 Fecha: 08/02/2019



Cód. Validación: ATDWAZ2QKMD4FDLWP4SK3DM | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 18 de 18

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233